CONCRECIÓN DO PLAN LINGÜÍSTICO PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/21

Dada a situación sanitaria que se presenta no actual curso académico 2021-2022 tentamos concretar ao máximo o Plan Lingüístico do IES García Barros e para iso programamos as seguintes actividades, tendo en conta que xa contamos con máis flexibilidades á hora de realizar certas tarefas co alumnado.

Se respetan as actividades que xa teñen tradición no noso centro e vanse propoñer novas actividades, coa esperanza de que poidan realizarse no seu momento.

As actividades con tradición son as seguintes:

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

A) Actividades relacionada co contexto sociolingüístico do centro:

Actividades en colaboración con todos os centros educativos do concello da Estrada.

Baixo a denominación de DINAMIZAESTRADA, os Equipos de Dinamización Lingúística dos centros educativos da Estrada, públicos e concertados (CEIP Pérez Viondi, CEIP Cabada Vázquez, CPR Plurilingüe Nosa Sra. De Lourdes, CEIP Plurilingüe de Oca, CEIP O Foxo, CEIP Figueiroa, CEIP Villar Paramá, IES No 1, IES Antón Losada Diéguez e IES Manuel García Barros), realizarán as seguintes actividades:

1. Proxeecto Festa das Palabras. Novena Edición.

Proxecto conxunto organizado polos dez centros educativos da Estrada que se concreta nas seguintes actividades:

2. Concurso de microrrelatos e micropoemas dos centros educativos da Estrada.

En xuño do 2021 celebrouse a novena edición do Concurso de microrrelatos e micropoemas convocado pola Coordinadora Local de EDL, DINAMIZAESTRADA, que agrupou a todos os centros de primaria e secundaria do Concello da Estrada. Tanto os microrrelatos coma os micropoemas contiñan unha palabra chave que se especificou no momento de publicitar as bases e cos criterios acordados pola comunidade que conforma Dinamizaestrada. Agardamos que este curso académico volva celebrarse esta actividade para poder participar co noso centro.

3. Edición e publicación do libro IX Festa das Palabras, cos textos premiados no concurso de microrrelatos e micropoemas.

Publicaranse, ademais, os textos premiados no concurso de microrrelatos e micropoemas nun libro dunhas 90 páxinas coas composicións premiadas en todas as diferentes categorías e modalidades. Realizouse unha tiraxe de 600 exemplares, que foron repartidos entre os gañadores e gañadoras do certame e entre todos os centros participantes. No libro incluíronse ilustracións realizadas polo alumnado de infantil de todos os centros de primaria, de cara a favorecer a participación do alumnado desta

etapa na actividade. As ilustracións fjoron escollidas polo xurado do concurso e fixeron referencia ás palabras utilizadas para o concurso de microrrelatos e micropoemas.

Ademais, realizouse un marcapáxinas coa imaxe utilizada para o libro e para a campaña en xeral e confeccionáronse 4000 exemplares para distribuír entre todos os centros.

4. Oitava edición do certame Festa das palabras"

A oitava edición da "Festa das Palabras" consistirá na entrega de premios dos concursos literarios no teatro principal da Estrada a todos os gañadores e gañadoras do certame e celebrarase a inicios do mes de xuño. A presentación e a condución da festa será realizada por alumnos e alumnas do centro que lle corresponda no curso . Haberá unha actuación musical a cargo dun grupo musical da zona e, ademais, procurarase a participación dun persoeiro relevante da cultura galega durante a entrega aos premiados /as da Festa. Para a entrega de premios, contarase con profesorado de todos os centros e con representantes das ANPAS. Tamén se contará con representación do Concello da Estrada, entidade colaboradora da actividade. Encargarase o deseño do cartel anunciador do evento á mesma persoa que leva a cabo o deseño do libro.

5. Videoconectad@s

Trátase dunha actividade plurianual que comezou a ser desenvolvida en cursos anteriores en que está organizada por todos os centros educativos da Estrada.

Consiste nun intercambio de videoconferencias entre as comunidades educativas dos centros participantes. Nesta fase, que se desenvolverá no segundo e terceiro trimestre do presente curso académico, as comunidades educativas dos diferentes centros de infantil e secundaria do concello prepararán os contidos das videoconferencias que ofrecerán aos diversos centros de secundaria, segundo o cadro que se deseñe en vindeiras reunións.

6. Dinamización do blog: DINAMIZAESTRADA.

Desde o curso 2013-2014 os EDL da Estrada manteñen un blog que trata de difundir as actividades conxuntas do Equipos dos Centros Educativos da Estrada. Neste curso, comprometémonos a continuar coa dinamización do seu uso a través da publicación periódica de actividades comúns entre os diversos centros, así como de novas de interese para a Dinamización Lingüística. No blog tamén terá especial relevancia a difusión das actividades 1 e 2 anteriormente descritas.

B) Actividades en colaboración cos centros educativos de secundaria do concello da Estrada

1. Intercambio musical

Dada a situación sanitaria provocada pola Covid-19, esta actividade que se viña desenvolvendo dende cursos pasados e que era da intención dos tres centros educativos seguir mantendo, queda en suspenso a expensas da evolución da pandemia. En caso de mellorar a situación, retomarase de cara ao terceiro trimestre.

C) Actividades en colaboración con outras entidades ou asociacións

1. Colaboración coa asociación cultural “Vagalumes” na mostra de teatro escolar na honra de Olimpio Arca.

2. Colaboración co concello da Estrada na celebración da “Festa da Poesía” e no festexo do “Día de Rosalía”. Así mesmo, voluntarios e voluntarias do noso centro participaron recitando diferentes poemas na “Festa da Poesía” organizada dende a corporación municipal. Esta mesma colaboración prevese que se manteña a finais de febreiro, con motivo do festexo do “Día de Rosalía de Castro”.

D) Actividades relacionadas co profesorado

Ademais da inclusión do profesorado en todas as actividades destinadas ao conxunto da comunidade educativa, para mellorar os seus usos linguísticos en galego realizaranse de forma continuada ao longo do curso as seguintes tarefas:

1. Asesoramento lingúístico dirixido a un correcto emprego do galego na práctica docente e nas actividades extraescolares.

2. Corrección e supervisión de textos elaborados pola dirección do centro para as comunicacións externas e internas.

E) Actividades relacionadas co alumnado e co conxunto da comunidade educativa

Debido a que o conxunto do alumnado é o noso principal foco de atención, o groso das iniciativas levadas a cabo polo Equipo de Dinamización irán destinadas especificamente a este colectivo. Con todo, prevese que na maioría das actividades haxa unha participación activa dos demais membros da comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, familias...). Entre as actividades que se realizarán durante o curso académico podemos salientar:

1. Reparto entre as titorías de calendarios mensuais para a organización de avisos, datas de exames e entregas de tarefas e deseñado para ser colocado nas cortizas da aula de referencia.

2. Xestión da web destinada á dinamización do galego no centro "Manoliño García quere ser normal". Se ben está destinada a toda a comunidade educativa, ten como finalidade principal a divulgación de información, actividades, creación literaria... entre o alumnado, que será quen xestione unha gran parte dos seus contidos. Os apartados da web son: actividades de normalización no MGB, info-lingua (avances e retrocesos no proceso de normalización do galego a partir de noticias de actualidade), cultura en galego (información sobre novidades literarias, música e espectáculos), documentos (lexislación vixente relacionada co proceso normalizador), blog de creación literaria (publicación de traballos literarios do alumnado)... ademais de información sobre diversos eventos, premios e concursos e ligazóns de interese.

3. Realización da IX edición do Concurso de microrrelatos e micropoemas dirixido ao alumnado dos centros de ensino do concello da Estrada, en coordinación cos equipos de dinamización da lingua galega dos centros do concello ao que xa se fixo referencia na sección previa. Acto cultural no curso en que se entregarán os premios do citado

concurso e edición do libro cos traballos gañadores, financiado polo Concello da Estrada.

5. Continuación da campaña plurianual "Coida a túa lingua". A actividade consiste en identificar malas prácticas linguïsticas no noso centro e na nosa sociedade e reivindicar un uso correcto do idioma. O alumnado identificará empregos linguïsticamente incorrectos do galego nos medios de comunicación e en internet, así como no propio centro de ensino e na súa práctica diaria. As actividades realizadas serán visualizadas na páxina web e no taboleiro de Normalización. Tamén se instalarán en distintos corredores do centro pequenos paneis nos que se presenten textos con erros e nos que se poida obter información subministrada en códigos QR, necesaria para a participación no concurso relacionado con esta actividade.

Despois de analizarmos hai tres cursos o emprego do galego por parte dos nosos representantes políticos, de centrarnos hai dous no uso da nosa lingua en certos programas televisivos de grande audiencia e de traballar co galego na música, este curso seguirémonos centrando no emprego do galego na prensa escrita e dixital na nosa lingua. A campaña incluirá un concurso no que resultarán premiados aqueles/as participantes que sexan capaces de identificar e corrixir un maior número de erros linguïsticos.

O certame estará novamente aberto tamén ás familias, que poderán participar nunha sección específica. Pensamos que a natureza da temática deste curso, unha vez máis, préstase a unha análise conxunta nos fogares entre o alumnado e as súas familias que pode resultar de grande interese para a reflexión e o debate sobre o bo emprego da nosa lingua.

6. Saídas didácticas

Ao igual que ocorre con outras actividades, se a situación sanitaria o permite, organizaranse saídas didácticas de cara ao terceiroo trimestre.

7. Participación no Correlingua. (Dependerá igualmente da situación sanitaria actual.)

8. Outras actividades

Con motivo de diferentes conmemoracións (Día de Rosalía, Día Internacional contra a violencia de xénero, Día da lingua materna, Semana das Letras Galegas... procurarase organizar algún tipo de actividade (este ano, debido á situación sanitaria, serán principalmente virtuais) onde o fomento do idioma galego sexa o punto de partida.

F) Actividades relacionadas coa situación lingüística do centro

Por último, para dar visibilidade á presenza da lingua galega no centro e para regularizar o seu emprego a nivel institucional, levaranse a cabo as seguintes actividades:

1. “Bo trato – Mal trato”: actividade realizada durante a semana do 25 de novembro con motivo da celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero. En colaboración co Equipo da Biblioteca, o Equipo de Dinamización confeccionou diferentes frases nas que se amosaban de forma explícita comportamentos e actitudes de

bo trato e de mal trato. As oracións resultantes foron colocadas nos diferentes chanzos das escaleiras principais do centro sobre un fonde verde (bo trato) ou vermello (mal trato).

2. Asesoramento lingüístico continuado dirixido a un correcto emprego do galego na actividade administrativa e de conserxería e nas comunicacións escritas realizadas polo centro, tanto a nivel interno como a nivel externo.

NOVIDADES PARA O CURSO 2021-2022

- Como novidade, no presente curso 2021-2022, tentaremos facer un rueiro no noso centro, dotando de nombre os espazos como corredores, andarese e outros cos nomes de escritoes, escritoras e persoeiros da nosa cultura. Tentaremos implicar ao maior número de Departamentos para que sexa una actividad Interdisciplinar na que participe a mayoría do noso alumnado.

- No Nadal faremos actividades puntuais cos alumnos tentando rescatar palabras relacionadas con esta festa e preténdese facer una recollida solidaria de alimentos se a situación o permite.

- No mes de febreiro, co gallo de San Valentín nomearemos este mes como MES DO AMOR E A AMIZADE: PALABRAS AGARIMOSAS NUN TEMPO DE PANDEMIA.

Esta actividade matizarase con todos os membros da Comisión pero pretendo que sexa ambiciosa e que participe todo o centro: mandarémonos cartas, notas, telegramas de agarimo ás nosas persoas máis queridas, se for posible, acompañadas dun cravo de color cun custo simbólico; a recadación será doada a alguna organización sen ánimo de lucro e, se fose posible, faríamos una visita a devandita organización.

Esta actividade organizarase minuciosamente no seu momento seguindo escrupulosamente o Protocolo da COVID.

- Primavera e maios: se a COVID o permite, adornaremos o centro con flores, follas e frutos poñendo os correspondentes nomes en galego. Se non se poden poñer obxectos, buscaremos alternativas e substituílos por fotografías colocadas nun taboleiro.

- Fin de curso: se o ritmo do curso nolo permite, podemos facer un festival final coordinándonos con tódolos Departamentos do noso centro, sempre que a situación epidemiolóxica o permita.

- Outras actividades: sempre que sexa posible pola situación da Pandemia, poderíamos facer entrevistas (presenciais ou virtuais) a persoeiros da nosa vida cultural, a responsables de refuxios de animais, de ONG, do banco de alimentos, doutros responsables de Equipos de Normalización de centros de núcleos urbanos, de grupos folclóricos… en fin, a listaxe e inmensa.

- Receitario de cociña: receitas tradicionais co paso a paso, ben en papel ou en formato dixital con fotografías feitas polo alumnado.

INTEGRANTES DO EQUIPO DE ENDL:

Coordinadora:

María dos Anxos Gallur Manzano

Profesores:

Ana Fernández Pérez
Andrea Pérez Gañete
Anxo Fernández Alonso
Alejandro Iglesias Carrazón
Consuelo Vázquez Rozas
José Luis Capón García
Josefina Brea Castro
María Luisa Baamonde Paz
María Luisa Otero Pérez
Norma Pillado Ordóñez
Patricia Pérez Gippini
Ramón Gómez Mourelle
Teresa Filloy Chao
Xoán Xosé Pérez Viéitez

Personal non docente:

Ana María Fernández García

Alumnos:
Andrea Sánchez Puente
Daniel Méndez Alonso
tTatiana Brea Constenla
Laura Chamosa Otero
Brais Viqueira López
Andrés Bragaña Simón
Ramiro Diéguez Loureiro
Susana Conde Rodríguez
Paula Talquenca
María Porto González
Vanessa Agra Manzano
Alba Campos Martínez
André Cimadevila Gulías
Aya Eddehbi
Sara Garea Rey
Lara Godoy Oliveira
Riham Khedar
Manuel García Madriñán
Carla Campos Valcárcel
Mario Álvarez Sobral
Iago Durán Castro